

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27003151	IES Lama das Quendas	Chantada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Economía	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

A materia proporciónalle ao alumnado coñecementos económicos para entender a sociedade na que vive, trata de espertar o seu interese e promover, tras unha análise crítica, iniciativas dirixidas a actuar sobre a propia realidade. Así mesmo, pon a súa disposición ferramentas que lle permitan tomar decisións tanto individuais como colectivas, con repercusións económicas e financeiras de maneira razoada e responsable.

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado no cal se están levando a cabo profundas transformacións, aceleradas pola incorporación das novas tecnoloxías a diferentes esferas da nosa vida. A dixitalización está a cambiar non só a estrutura produtiva global e a estrutura económica e financeira, senón tamén a propia sociedade no seu conxunto. Canto mellor entendamos o mundo no que vivimos, máis capaces seremos de tomar decisións que permitan mellorar a nosa vida e a nosa contorna.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. Os indicadores económicos como o PIB, o desemprego, a inflación ou o déficit público están continuamente presentes nos medios de comunicación, e isto xera unha crecente demanda de información e formación na medida que nos afecta para tomar decisións nas que no sentimos implicados. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita a análise e afondamento nas relacións humanas e proporciona ferramentas para examinar con espírito crítico a realidade social.

Os retos e desafíos que se presentan no mundo actual fan necesaria a interconexión de distintos ámbitos, entre outros, o económico, social, cultural e ambiental. É preciso coñecer e tomar conciencia de como as nosas decisións e formas de vida afectan ao clima, aos recursos dispoñibles, á biodiversidade e á propia sociedade. Esta reflexión está presente en todos os países do mundo e deu como froito o compromiso que supoñen os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) como intento para enfrontarse conxuntamente aos principais desafíos de cara ao futuro.

O currículo, que aborda aprendizaxes significativas, funcionais e de interese para o alumnado, está organizado ao redor da adquisición duns obxectivos que desenvolven diversos aspectos: Tratan de explicar como a escaseza condiciona os comportamentos económicos individuais e colectivos, propoñen analizar a realidade utilizando ferramentas que permitan estudar a economía desde unha perspectiva micro e macroeconómica e, por último, proporciona ferramentas de intervención económica, como as políticas económicas, e expoñen os retos da economía actual para os que hai que buscar novas solucións.

Os criterios de avaliación que se derivan dos mencionados obxectivos, están deseñados para comprobar o grao de consecución dos mesmos por parte de alumnado.

Os criterios de avaliación e o contidos están estruturados en cinco bloques:

1º. O bloque "As decisións económicas" relaciónase co estudo do comportamento económico, individual ou colectivo, das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades a partir de recursos escasos e, polo tanto, da toma de decisións económicas a partir da análise da realidade.

2º. O bloque "A realidade económica. Ferramentas para entender o mundo cunha visión microeconómica" vincúlase co coñecemento e uso de ferramentas que permitan que o alumnado entenda a realidade económica desde unha perspectiva microeconómica.

3º. O bloque "A realidade económica. Ferramentas para entender o mundo cunha visión macroeconómica" permítenos profundar no estudo das relacións humanas e a realidade económica desde un punto de vista macroeconómico.

4º. O bloque "As políticas económicas" está ligado aos instrumentos cos que contan os gobernos para dar resposta aos problemas económicos nun marco globalizado.

5º. O bloque "Os retos da economía española nun contexto globalizado" céntrase nos retos da economía actual e en identificar as fortalezas e debilidades da economía española.

O estudo da realidade económica, tendo presente a súa interconexión con outras disciplinas, permitirá ao alumnado adquirir unha cultura económica xeral para tomar decisións fundamentadas e participar dunha forma activa no desenvolvemento dos retos da economía actual.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o problema da escaseza e a importancia de adoptar decisións no ámbito económico, analizando a súa repercusión nos distintos sectores e comparando solucións alternativas que ofrecen os diferentes sistemas para comprender o funcionamento da realidade económica.	2		2		40-50		1-2	
OBX2 - Recoñecer e comprender o funcionamento do mercado, analizando os seus fallos, para estudar a repercusión destes na contorna e facilitar a toma de decisións no ámbito económico.	2-3		2		40	3	1-2	
OBX3 - Distinguir e valorar o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda recoñecendo, con sentido crítico, os beneficios e os custos que xera, para determinar como se produce o desenvolvemento económico e a súa relación co benestar da sociedade.	2-3				40-50	3-4	1-2	
OBX4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento para planificar e xestionar con responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	2-3			4	12-40-50		1-2	
OBX5 - Identificar e valorar os retos e os desafíos aos que se enfrenta a economía actual, analizando o impacto da globalización económica, a nova economía e a revolución dixital para propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade.	2-3		4	5	12-40-50		1	
OBX6 - Analizar os problemas económicos actuais mediante o estudo de casos, a investigación e a experimentación, utilizando ferramentas da análise económica e tendo en conta os factores que condicionan as decisións dos axentes económicos, para facilitar a comprensión deses problemas e expor solucións innovadoras e sostibles que respondan a necesidades individuais e colectivas.	3		2		50	3-4	1-2-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A sublimación da economía	Definición de economía. Necesidades, recursos e bens. A escaseza como problema económico básico. O custo de oportunidade e a necesidade de elixir. O estudo da economía: división entre micro e macroeconomía, e economía positiva e normativa. As posibilidades de produción. O crecemento económico. A economía condutual.	10	12	X		
2	Decisións económicas colectivas	Recursos, axentes e sectores produtivos. Os sistemas económicos. O fluxo circular da renda. A economía circular. Eficiencia económica.	10	14	X		
3	O mercado	Mercado e participantes no mercado. Demanda e oferta. Equilibrio no mercado. Elasticidade-prezo.	10	15	X		
4	Tipos de mercado	mercado e a competencia. Competencia perfecta e monopolística. Oligopolio. Monopolio. Teoría de xogos.	10	13	X		
5	O mercado de traballo	Demanda e oferta de traballo. Produtividade e salarios. Desemprego. Políticas de emprego. Evolución do mercado laboral.	10	15		X	
6	Decisiones financieras y finanzas personales	Consumo, inversión e aforro. Presupostos persoais. Seguros. Débedas e opcións para pedir prestado.	10	12		X	
7	A macroeconomía	Macroeconomía e obxetivos macroeconómicos. PIB Demanda e oferta agregada. Equilibrio macroeconómico.	10	15		X	
8	Diñeiro, inflación e política monetaria	Tipos de interese. Oferta monetaria. Sistema financeiro. Inflación. BCE e Eurosistema. A política monetaria.	10	15			X
9	A intervención do Estado	Fallos de mercado. Ingresos e gastos públicos: rzamentos xerais do estado. Política fiscal	10	15			X
10	O Comercio internacional e retos da economía mundial.	O comercio internacional. Libre comercio e proteccionismo. A balanza de pagamentos. O mercado de divisas. Cooperación económica internacional. A Unión Europea. Globalización. As consecuencias do crecemento. Crecemento e desenvolvemento económico. ODS. Estado de benestar.	10	14			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A sublimación da economía	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Recoñece o problema económico básico: recursos escasos e necesidades ilimitadas. Identifica o custo de oportunidade.	PE	80
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Identifica os diferentes métodos para a análise da realidade económica. Identifica na economía condutual as desviacións da racionalidade económica.		
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Recoñece o problema económico básico: recursos escasos e necesidades ilimitadas.		
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Recoñece o problema económico básico: recursos escasos e necesidades ilimitadas. Recoñece os diferentes criterios de toma de decisións individuais dos individuos.		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Identifica os contidos asociados á unidade na realidade económica empregando os medios de difusión habituais no alumnado e debate sobre as posibles solucións aos retos que se expoñan.	TI	20
CA3.1.1. - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Identifica e valora o problema da escasez asociando necesidades e recursos coa forma en que os individuos toman as súas decisións individuais.		
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A economía, as necesidades, os bens e a escaseza. O contido económico das relacións sociais. Pobreza e escaseza. A modelización como ferramenta para entender as interaccións económicas. - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos. - Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos. - Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida. - Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos. - A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital.

UD	Título da UD	Duración
2	Decisións económicas colectivas	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Identifica os sistemas económicos no ámbito nacional e internacional.	PE	80
CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Describe a asignación de recursos nos diferentes sistemas económicos.		
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Sintetiza as vantaxes e inconvenientes dos diferentes sistemas económicos.		
CA1.6 - Comprender a organización dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Representa o fluxo circular da renda e explica os efectos das decisións dos axentes económicos.		
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Identifica os fluxos reais e monetarios entre os distintos axentes que interveñen na actividade económica definindo o seu papel na economía dun país.		
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Analiza o papel do Estado nos distintos sistemas económicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	Identifica os fluxos reais e monetarios entre os distintos axentes que interveñen na actividade económica definindo o seu papel na economía dun país.		
CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social.	Identifica os fluxos reais e monetarios entre os distintos axentes que interveñen na actividade económica definindo o seu papel na economía dun país.		
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos.	Identifica os fallos do mercado e as solucións propostas polos diferentes sistemas económicos.		
CA1.5 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Valora o papel dos axentes económicos no fluxo circular da renda.		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Explora a resposta dos sistemas económicos actuais á asignación de recursos.	TI	20
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Valora o papel dos axentes no desenvolvemento económico e benestar social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza. - A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación. - A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento. - A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada. - O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas.

UD	Título da UD	Duración
3	O mercado	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Define as variables que afectan á oferta e á demanda. Calcula e interpreta o equilibrio no mercado. Calcula e interpreta a elasticidade da oferta e da demanda.	PE	80
CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento.	Recoñece e identifica os factores que afectan á oferta e demanda dos mercados individuais, así como ós cambios no equilibrio de mercado.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica. - A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.

UD	Título da UD	Duración
4	Tipos de mercado	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Diferencia os tipos de mercado e as súas características máis importantes.	PE	80
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos.	Recoñece as características de cada tipo de mercado.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Teoría de xogos. O dilema do prisioneiro. Xogos repetidos e equilibrios cooperativos. - Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica.

UD	Título da UD	Duración
5	O mercado de traballo	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2.2. - Entender o funcionamento do mercado laboral e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Coñece os conceptos do mercado de traballo. Distingue os diferentes tipos e causas de desemprego, os seus efectos e a súa medición.	PE	80
CA3.2.1. - Entender o funcionamento do mercado laboral e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Coñece os principais conceptos relacionados co mercado de traballo e valora os principais problemas asociados.	TI	20
CA3.2 - Entender o funcionamento do mercado laboral e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Economía laboral. O funcionamento e as tendencias dos mercados de traballo e o impacto dos custos de despedimento. Tipos de desemprego. Efectos e medidas correctoras. A brecha salarial.

UD	Título da UD	Duración
6	Decisiones financieras y finanzas personales	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Elabora un plan financeiro persoal nun contexto de transformación dixital. Valora a importancia de seguir as recomendacións de ciberseguridade na práctica.		
CA3.7 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Manexa conceptos básicos das finanzas persoais nun contexto dixital.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Identifica os efectos das decisións persoais sobre aforro, consumo e inversión.		
CA3.5 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Identifica os efectos da era dixital no sistema financeiro: novos medios de pagamento, ciberseguridade...	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación. - A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.

UD	Título da UD	Duración
7	A macroeconomía	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1.2. - Analizar o problema da asignación de recursos de maneira colectiva. Entender os compoñentes e as diferentes variables que interveñen na demanda e na oferta agregada. Equilibrio macroeconómico.	Distinguir compoñentes da oferta e da demanda agregada. Comprender o funcionamento do equilibrio macroeconómico.	PE	80
CA3.1.3. - Recoñecer as variables que interveñen na demanda e oferta agregada así como o equilibrio macroeconómico	Identifica os factores que provocan movementos na oferta e na demanda agregada, así como los cambios en el equilibrio macroeconómico.	TI	20
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.

UD	Título da UD	Duración
8	Diñeiro, inflación e política monetaria	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, co aforro, cos produtos financeiros e coa procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Coñecer o funcionamento do sistema financeiro.	PE	80
CA1.9 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Coñecer o sistema financeiro, os seus elementos e os intermediarios bancarios e non bancarios.		
CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Recoñece causas e efectos da inflación. Explica o funcionamento da política monetaria.		
CA1.8 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Valorar a importancia de coñecer o sistema financeiro para as finanzas persoais.	TI	20
CA3.7 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Comprender o sistema financeiro así como os seus elementos e os diferentes tipos de intermediarios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Valora e reconece causas e efectos da inflación. Explica o funcionamento da política monetaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros. - O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación. - A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.

UD	Título da UD	Duración
9	A intervención do Estado	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos.	Identifica os fallos do mercado. Define política macroeconómica e identifica os diferentes tipos como solución aos fallos do mercado.	PE	80
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Identifica os diferentes tipos de política fiscal.		
CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, reconecendo e comprendendo o seu funcionamento.	Recoñece os diferentes fallos de mercado e valora a necesidade de intervención do Estado como resposta aos fallos de mercado.	TI	20
CA2.3 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións.	Identifica os fallos do mercado. Define política macroeconómica e identifica os diferentes tipos como solución aos fallos do mercado.		
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Recoñece a importancia da política fiscal como medida de intervención estatal		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación. - A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio. - Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos. - A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.

UD	Título da UD	Duración
10	O Comercio internacional e retos da economía mundial.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Recoñece a globalización e os seus efectos positivos relacionando coa evolución dixital.	PE	80
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Valora argumentos a favor e en contra do libre comercio e o proteccionismo. Define os diferentes niveis de integración económica. Coñece o funcionamento do comercio internacional.		
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Recoñece os efectos na economía dos países dos distintos niveis de integración económica. Recoñece as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración europeo.		
CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Comprende os motivos dos fluxos migratorios a países desenvolvidos.		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Coñece e comprende os cambios que experimentou a economía nos últimos anos debido a tecnoloxía.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Comprende e valora os problemas da realidade económica actual, tanto pola globalización como por a revolución dixital a través de ferramentas propias da economía		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Analiza con espírito crítico os efectos da integración na economía mundial.	TI	20
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Analiza con espírito crítico o futuro do estado de benestar.		
CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais. Estudo de casos.	Comprende e analiza o crecemento económico, así como os factores a favor e en contra.		
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Valora o impacto da globalización e da actual economía no benestar social		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria. - A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada. - A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar. - A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades. - A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital. - O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas. - Teorías sobre o decrecemento económico. - Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O uso das TIC será o recurso didáctico de referencia, e polo tanto, o modelo metodolóxico principal que se aplicará na materia será o denominado "Flipped Classroom" (Clase invertida), de maneira que o profesorado elaborará o seu propio material didáctico, favorecendo unha educación individualizada e personalizada coa utilización de ferramentas TIC. Este modelo complementarase co de "Aprender facendo e ensinando", onde o alumnado construíra o seu coñecemento facendo cousas con outros (traballo colaborativo), a partir da experiencia e a exploración, do ensaio e erro, da análise e a execución. Pódese dicir que se trata de converter a clase nun espazo para realizar as tarefas, mediante un traballo en equipo ou individualmente, dirixido polo profesorado. Previamente, e despois dunha explicación do profesorado, o alumnado aprende ou visualiza o contido a través de videotutoriais, documentos escritos, ligazóns de internet, etc.

Para a posta en práctica desta programación utilizarase a aula virtual do centro, que ofrece un amplo abanico de posibilidades, permitindo desde algo básico como un repositorio de recursos para o alumnado, ata un uso máis completo como espazo de aprendizaxe (formación en rede que permite ao alumnado interactuar entre si, acceder aos contidos, realizar tarefas e actividades con seguimento do profesorado, tanto na aula presencial como virtual).

Ao longo do curso poderanse levar a cabo diversos tipos de actividades:

Actividades de presentación-motivación: Para introducir ao alumnado no tema que se aborda e despertar o seu interese sobre os contidos da unidade, poderá establecerse un pequeno debate a partir dalgún artigo de prensa, noticia de actualidade, etc., relacionado co tema a tratar, realizar unha tormenta de ideas con preguntas abertas ou analizar e comentar un vídeo relacionado co tema.

Actividades de avaliación de coñecementos previos: Para obter información acerca de que saben e que procedementos, destrezas e habilidades teñen desenvolvidas os/as alumnos/as sobre un tema concreto, pode realizarse unha tormenta de ideas sobre os principais conceptos da unidade, ou un "test de coñecementos previos" co que o/a profesor/a pode facerse unha idea de cada alumno/a e da clase en xeral. Non se trata de poñer nota ao alumnado, senón de proporcionar ao/á profesor/a a información que necesita para favorecer aprendizaxes significativas e funcionais.

Actividades de desenvolvemento dos distintos contidos: Coa finalidade de que o alumnado adquira novos coñecementos, empregaranse varios métodos:

- Estratexias expositivas
- Estratexias de indagación
- Estratexias sociais

Actividades de consolidación: Para que o alumnado contraste as novas ideas coas previas e aplique as novas aprendizaxes, realizará actividades nas que se traballarán un conxunto de coñecementos, capacidades e actitudes (competencias clave) relacionados coa unidade didáctica correspondente.

Actividades de síntese-resume: Para que o alumnado estableza arelación entre os distintos contidos aprendidos, así como contrastalos cos que xa tiñan, poden elaborar mapas conceptuais sobre os contidos da unidade ou elaborar un resume.

Actividades de reforzo: Para aqueles/as alumnos/as que non alcancen os obxectivos ou que teñen un ritmo de aprendizaxe máis lento deseñaranse actividades destinadas a desenrolar os contidos de reforzo.

Actividades de ampliación: Para o alumnado que teña un ritmo máis rápido de aprendizaxe realizaranse actividades como a procura de información en outras fontes das proporcionadas de xeito ordinario na aula.

A participación do alumnado poderase potenciar nesta materia mediante a exposición de traballos, a resolución colaborativa de problemas, a utilización colectiva de recursos virtuais ou a procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe

Nos distintos temas non será necesario empregar todas estas actividades, senón que haberá que axustalas ás

características dos contidos e obxectivos a tratar, e ás características do alumnado.

As estratexias metodolóxicas básicas serán as seguintes:

- Partir de problemas ou de cuestións próximas ó contorno e que sexan motivadoras.
- Presentar as cuestións e problemas económicos contextualizados e relacionando, en todo momento, as causas e os efectos.
 - Partir da interpretación social da realidade económica, buscando integrar a teoría económica e a economía real, intentando asegurar ao mesmo tempo un marco conceptual sobre o cal seguir aprendendo.
 - Busca dun equilibrio entre o enfoque académico e o enfoque descritivo na ensinanza da materia. Preténdese fuxir do enfoque unicamente académico e formalista, que achega gran cantidade de conceptos pero non a suficiente capacidade explicativa dos problemas reais. Por outro lado, tamén se evitará o enfoque exclusivamente descritivo dos feitos económicos, que proporciona gran cantidade de información, pero con escaso poder explicativo das causas que orixinan os problemas.
 - Potenciar procesos de aprendizaxe significativos, nos que o alumnado teña que analizar os feitos, valorar alternativas, prognosticar efectos e posicionarse de forma diferente ante un mesmo problema.
 - Tendo en conta os esquemas de pensamento e as concepcións do alumnado, favorecer o traballo do mesmo e a súa autonomía na aprendizaxe.
 - Realización de diversas actividades, ben de forma individual ou ben a través de grupos de traballo que se poidan formar na aula, tratando de favorecer a capacidade do alumnado para aprender por se mesmos, e tratando de fomentar o espírito de investigación.
 - Propiciarse a indagación e a realización de investigacións sinxelas, baseándose na recollida e análise de información de distintas fontes en relación co tema tratado. A aplicación práctica a un caso concreto da metodoloxía do razoamento económico axudará a entender a economía como algo real, útil e próximo que permita transitar desde o particular ao xeral.
 - Favorecerase o traballo cooperativo, o intercambio de información e reflexión sobre o proceso de aprendizaxe.
 - Fomento da obtención de conclusións relevantes en relación cos problemas, cuestións e actividades que se deseñen e a súa comunicación ordenada e clara.
 - Tratarase de enfocar as cuestións desde diversos puntos de vista, pois a Economía, por tratarse dunha ciencia social, admite diversos enfoques en función das diferentes teorías económicas ou formas de entender a realidade.
 - Potenciar unha visión de conxunto dos diferentes aspectos que comportan a nosa realidade e ver a relación coa Economía. Polo que esta materia entenderase como eminentemente formativa para o coñecemento con un tratamento eminentemente científico.
 - Acceso a textos xornalísticos da prensa diaria ou especializada e uso da prensa dixital, así como do material ou gravacións videográficas de espazos televisivos onde se traten temas relacionados coa materia e que presenten propostas concretas de actividades que sirvan para vincular os contidos desenvolvidos na aula cos acontecementos económicos cotiáns.
 - Consulta de páxinas web de determinados organismos públicos, institucións ou empresas que poden proporcionar información interesante para a materia coa finalidade da realización de traballos individuais ou en grupo do alumnado, con exposición oral ou escrita posterior das ideas propias ou dos resultados dos traballos realizados.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Esta materia impartirase empregando como base fundamental o libro de texto gratuito publicado pro Javier Martínez Argudo: Economía 1º Bacharelato. Como material complementario o profesor/a poderá entregar ao alumnado o material de apoio (contidos complementarios, propostas de traballo e actividades) que considere necesario para a ampliación das diversas unidades didácticas.

Como recursos complementarios, empregaranse os seguintes:

- Aula multimedia do centro, na que se desenvolverán de cando en vez as clases da materia, e onde se fará un uso mixto de aula tradicional e de traballo con ordenadores.
- Ordenadores con conexión a internet para a busca de información diversa relacionada coa materia, realización de certas actividades e participación en xogos virtuais (investimento en bolsa, xestión empresarial).

- Follas de cálculo para resolver diferentes problemas de economía.
- Acceso a aula virtual para consultar e traballar con certos contidos e actividades da materia, que se utilizará tanto na casa como no centro.
- Pantalla dixital (ordenador e proxector).
- Extracto de películas de vídeo que traten diversos aspectos da materia.
- Documentais, entrevistas e noticias en vídeo de contido económico.

Para o desenvolvemento da materia o alumnado precisará o seguinte material individual:

- Calculadora científica.
- Ordenador nas aulas de informática e multimedia.
- Caderno para apuntes e realización de exercicios escritos.
- Ademais estará a disposición dos/as alumnos/as toda a bibliografía, documentación e outros recursos existentes no centro (departamento de economía, biblioteca, etc...).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Aínda que esta materia non precisa acreditar coñecementos previos, sería conveniente que o alumnado que se matricule nela houbera cursado a materia de Economía en 4º de E.S.O. En todo caso dita avaliación inicial realizarase nos primeiros días do curso escolar en setembro; e poderase realizar unha proba específica sinxela para avaliar o grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír sobre eles as novas aprendizaxes propias da materia. Esta proba non terá repercusión na cualificación da materia.

Mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumno/a (consigo mesmo, cos compañeiros e compañeiras e co profesorado).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	80
Táboa de indicadores	20

Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para todas as unidades terase en conta o seguinte:

- Procedemento de Avaliación 1: Preguntas tipo test, preguntas de resposta curta e problemas prácticos relacionados cos contidos da unidade correspondente
 - Instrumento de Avaliación: Proba escrita.
 - Peso no total en cada UD: 80%
- Procedemento de Avaliación 2: Traballo diario (actividades, problemas de aplicación práctica, interpretación de textos económicos, cuestionarios, etc.)
 - Instrumento de Avaliación: Táboa de indicadores.
 - Peso no total en cada UD: 20%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas impartidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica, os cales se poden ver no apartado 3.1 da programación. Así obteríase o cálculo coas seguintes expresións matemáticas:

Primeira avaliación = $(25 \times \text{NotaUD1} + 25 \times \text{NotaUD2} + 25 \times \text{NotaUD3} + 25 \times \text{NotaUD4})/100$ ou o que é o mesmo, Primeira avaliación = $(10 \times \text{NotaUD1} + 10 \times \text{NotaUD2} + 10 \times \text{NotaUD3} + 10 \times \text{NotaUD4})/40$

Segunda avaliación = $(33,33 \times \text{NotaUD5} + 33,33 \times \text{NotaUD6} + 33,34 \times \text{NotaUD7})/100$ u o que é o mesmo, Segunda avaliación = $(10 \times \text{NotaUD5} + 10 \times \text{NotaUD6} + 10 \times \text{NotaUD7})/30$

Terceira avaliación = $(33,33 \times \text{NotaUD8} + 33,33 \times \text{NotaUD9} + 33,34 \times \text{NotaUD10})/100$ u o que é o mesmo, Terceira avaliación = $(10 \times \text{NotaUD8} + 10 \times \text{NotaUD9} + 10 \times \text{NotaUD10})/30$

A cualificación final ordinaria da materia virá dada polos pesos das distintas unidades didácticas impartidas no curso. Os pesos outorgados a cada unidade didáctica recóllense no apartado 3.1 da programación. O cálculo realizarase coa seguinte expresión matemática:

Avaliación final ordinaria = $(10 \times \text{NotaUD1} + 10 \times \text{NotaUD2} + 10 \times \text{NotaUD3} + 10 \times \text{NotaUD4} + 10 \times \text{NotaUD5} + 10 \times \text{NotaUD6} + 10 \times \text{NotaUD7} + 10 \times \text{NotaUD8} + 10 \times \text{NotaUD9} + 10 \times \text{NotaUD10})/100$

No cálculo das cualificacións das distintas avaliacións, tanto as parciais como a final, cando o resultado non sexa un número enteiro, redondearase ao enteiro superior, se a parte decimal é igual ou superior a 5 ou ao enteiro inferior se a parte decimal é menor de 5.

No caso de que exista algunha modificación na docencia das unidades que estaban programadas para algunha avaliación, modificarase a maneira de calcular a cualificación da avaliación correspondente. Se ao rematar o curso non se impartira algunha unidade ou algunhas unidades, entón repartiríase equitativamente o peso destas entre as unidades impartidas, e polo tanto, modificaríase a expresión matemática para o cálculo da cualificación final da materia segundo proceda.

Para poder superar unha avaliación é necesario ter unha nota mínima de 2,5 puntos nas probas escritas, cunha puntuación inferior non se supera a avaliación aínda que o cálculo da nota de dita avaliación sexa 5 ou máis.

Criterios de recuperación:

CONVOCATORIA ORDINARIA

Durante o curso, o alumnado que teña suspensa algunha parte da materia que lle impida obter unha cualificación

mínima de un 5 nalgunha avaliación parcial ou na avaliación final ordinaria, ou ben non acade a puntuación mínima de 2,5 puntos nalgunha proba escrita; realizará as correspondentes tarefas e probas de recuperación. Para a cualificación de dita ou ditas avaliacións suspensas, unha vez realizadas as recuperacións oportunas, manteranse os mesmos pesos das unidades didácticas indicados na programación (apartado 3.1), aplicando a mesma expresión matemática recollida nos criterios de cualificación.

Na recuperación da avaliación tamén se esixe unha cualificación mínima de 2,5 puntos para poder superala, e so é obxecto de recuperación o 80% do traballo avaliado mediante proba escrita; o 20% restante (que se avalía mediante táboas de indicadores) non se recupera, manténdose nesta parte a mesma cualificación que se acadou durante o trimestre co traballo diario. Para o alumnado que acuda a recuperación dalgunha avaliación a nota que se terá en conta para facer o cálculo da nota final do curso será a da última proba de recuperación realizada.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, deberá facer unha proba de recuperación que suporá o 100% da nota da convocatoria extraordinaria. Esta proba de recuperación poderá ser dividida en varias partes, que se detallarán ao alumnado por parte do profesorado, cando se lle entreguen as notas da avaliación final ordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao longo do curso, ao alumnado de 2º de Bacharelato que teña a materia pendente, entregaráselle unha serie de exercicios de repaso das unidades da materia, que serán devoltos ao xefe ou á xefa de departamento segundo unhas datas establecidas para a súa corrección. Poderá propoñerse a realización dalgún traballo escrito sobre algunha unidade didáctica. No caso de que o profesorado o estime necesario, poderá realizarse un exame na data establecida no calendario de exames de materias pendentes. Non se recollerán exercicios nin traballos fóra da data establecida salvo causas debidamente xustificadas.

O alumnado disporá por escrito de toda a información sobre as ponderacións dos distintos procedementos de avaliación (exames, exercicios, traballos).

No caso de non superar a materia no período ordinario, o alumnado disporá dun exame final extraordinario. Para poder superar a materia neste exame, a cualificación terá que ser igual ou superior a 5, non aplicándose redondeo.

6. Medidas de atención á diversidade

Ao comezo do período lectivo o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Tamén sería importante recibir da persoa titora e do departamento de Orientación toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas, ou persoais con incidencia educativa. Esta información poderá proceder:

- Dos informes individualizados de avaliación de cursos anteriores.
- Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- Da experiencia profesional previa.

A partir disto poderanse establecer, se procede, unhas medidas de atención á diversidade como as seguintes:

ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS LENTO.

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc.
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes da unidade didáctica, presentar a unidade de forma máis personalizada, procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido, etc.
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido), reforzo permanente dos logros acadados para elevar a autoestima-autoconceito do alumnado, creación dun clima na aula na que o alumnado non tema expresar as súas dificultades, simplificación das actividades, etc.

ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS RÁPIDO.

- Propor actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado para axudar a compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.
- Adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical, que consisten en aumentar a cantidade de contidos para aprender nunha ou varias áreas.
- Ampliación curricular de enriquecemento horizontal, onde o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de Orientación do centro, e que estarán recollidas no plan anual do centro de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Tratamento e fomento da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da convivencia no centro	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Fomento do proxecto lingüístico do centro	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Tratamento e fomento da lectura	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X
ET.4 - Fomento da convivencia no centro	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X
ET.7 - Educación para a saúde	X	X
ET.8 - Fomento do proxecto lingüístico do centro	X	X

Observacións:

- TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA

Desde esta materia, e tendo en conta o Plan lector do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora.

- EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA

Promoverase a resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación, utilizando un vocabulario correcto e axeitado, reforzando o vocabulario propio da materia. Tamén se traballarán técnicas de comunicación de ideas, e exposición oral das resolucións dadas a determinadas tarefas por parte do alumnado.

- COMPETENCIA DIXITAL

Na materia fomentárase a capacidade do alumnado de poñer en práctica coñecementos, habilidades e actitudes á hora de acceder á información, construír con ela coñecementos propios, expresala e difundila, producindo documentos persoais e utilizando para iso medios dixitais. Esta materia contribuirá tamén ao desenvolvemento do Plan Dixital do centro.

- FOMENTO DA CONVIVENCIA NO CENTRO

A través da materia e tendo en conta as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro intentarase contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.

- EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES

Desde esta materia tamén se quere transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen á súa vida cotiá (aprender a ser responsable, respectuoso/a, empático/a, etc.).

- IGUALDADE DE XÉNERO

Intentarase concienciar ao alumnado para que actúe de maneira crítica ante as situacións de desigualdade que perciba no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual, como parte dunha realidade plural e enriquecedora.

- FOMENTO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Respectarase o establecido no proxecto lingüístico do centro, colaborando nas actividades organizadas para a dinamización da lingua galega.

- EDUCACIÓN PARA A SOSTIBILIDADE E O CONSUMO RESPONSABLE

Desde a materia intentarase contribuír a facer un mundo máis sostible, fomentando o consumo consciente e responsable.

- CREATIVIDADE

A materia debe servir para formar persoas ricas en orixinalidade, flexibilidade, visión, iniciativa, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Non existen actividades previstas	Ver observacións	X	X	X

Observacións:

Non se ten prevista ningunha actividade.

En todo caso, se xurdira algunha ao longo do curso, comunicaría-se ao Vicedirector do centro, con suficiente antelación, para iniciar o procedemento para a súa aprobación.

Indicaríanse os seguintes datos:

- Título da actividade
- Descrición da actividade
- Obxectivos
- Lugar e data previstos
- Alumnado destinatario
- Profesorado acompañante
- Custe económico
- Departamento/s colaborador/es

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A selección e temporalización de contidos foi adecuada.
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e cualificacións.
Realizáronse actividades para que o alumnado recuperara as partes non superadas da materia.
Metodoloxía empregada
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para o desenvolvemento dos contidos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades do alumnado.
Clima de traballo na aula
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Facilitouse ao alumnado e ás familias o coñecemento dos criterios de avaliación e cualificación.
Existiu coordinación entre o profesorado do departamento.
Outros
O que estivo ben foi.
O que estivo mal foi.
Propostas de mellora.

Descrición:

Ao final de cada período de avaliación ou de cada unidade didáctica, farase unha avaliación da práctica docente mediante unha táboa de cotexo ou unha rúbrica, coas que se poderá obter información ao respecto. Estas táboas poderán ser cubertas tanto polo alumnado como polo profesorado da materia. Nas reunións de departamento analizaranse o resultados desta avaliación da práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado da materia fará un seguimento do cumprimento da programación. Para iso ao finalizar cada unidade didáctica, e través da aplicación PROENS, no apartado de "Seguimento", comprobaranse as datas de inicio e final de cada unidade, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade. No caso de detectar problemas ou desviacións realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Nas reunións mensuais do departamento didáctico tratarase sempre como un dos puntos da reunión, o seguimento da programación didáctica.

Antes de rematar o período lectivo, o alumnado fará unha avaliación da actividade docente baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Do mesmo modo, finalizado o curso, tamén se fará unha avaliación e unha memoria da programación da materia, onde se recollerán os seguintes apartados:

- A.- Porcentaxe do cumprimento da programación.
- B.- Xustificacións da parte da programación non impartida.
- C.- Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
- D.- Motivos das modificacións feitas.
- E.- Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.
- F.- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

9. Outros apartados

1. CONCRECIÓNS ESPECÍFICAS DA MATERIA: Mellora de nota

Aquel alumnado que habendo acadado máis dun 5 na avaliación ordinaria desexe mellorar a nota de algún trimestre, pode solicitar expresamente a realización dunha proba extra, que terá as mesmas características que a proba de recuperación da avaliación, é dicir, realizarase na mesma data e coas mesmas particularidades.

2. CONCRECIÓNS ESPECÍFICAS DA MATERIA: Boas prácticas na aula 1

En canto aos traballos feitos en grupo ou individualmente, ou o traballo na casa (tarefas, deberes. etc), toda produción ou traballo entregado polo alumnado que presente indicios de ser copiado ou de elaboración non propia levará unha cualificación de cero (0).

3. CONCRECIÓNS ESPECÍFICAS DA MATERIA: Boas prácticas na aula 2

En dita materia non está permitido o uso de teléfonos móbiles, reloxo intelixentes nin calquera outro dispositivo electrónico que poida interromper a dinámica da clase.

4. CONCRECIÓNS ESPECÍFICAS DA MATERIA: Boas prácticas na aula 2

Durante as probas escritas o profesor/a solicitará os alumnos que depositen tanto móbiles como reloxo intelixentes apagados na mesa do profesor. Se nalgunha das probas escritas o profesor/a ve a algún alumno copiando, ou realizando algún acto que se puidera considerar sospeitoso do mesmo (falar cun compañeiro, intercambiar algún tipo de material durante as probas, manipular obxectos nos bolsillos, utilizar material non permitido, etc.) procederase a retirada do exame e obterá unha cualificación de cero nesa proba, polo que o alumno se verá obrigado a acudir a recuperación da avaliación. Igualmente se ve a algún alumno utilizando o móbil ou algún outro dispositivo sospeitoso tal como reloxo, auriculares ou pinganillo, a actuación será a mesma.